



DATOS IDENTIFICATIVOS

Lingüística Aplicada

Materia	Lingüística Aplicada			
Código	V01M126V01103			
Titulación	Máster Universitario en Lingüística Aplicada			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	1c
Lingua de impartición	Galego			
Departamento	Filoloxía galega e latina Lingua española			
Coordinador/a	Alonso Núñez, Aquilino Santiago			
Profesorado	Alonso Núñez, Aquilino Santiago Quilis Sanz, María José			
Correo-e	aalonso@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	Impártese desde a Universidade de Vigo polos profesores: Alonso Núñez, Aquilino Santiago Báez Montero, Inmaculada Concepción Quilis Sanz, María José.			
	Procura afianzar o coñecemento dos conceptos e metodoloxías asociadas ás distintas ramas da lingüística aplicada.			

Competencias

Código	
A1	Posuír e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, adoito nun contexto de investigación.
A2	Que os/as estudantes saiban aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en contornos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos máis amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudo.
A3	Que os/as estudantes sexan capaces de integrar coñecementos e se enfrontar á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos.
A4	Que os/as estudantes saiban comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	Que os/as estudantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.
C2	Capacidade para comprender a diversidade teórica e metodolóxica das escolas lingüísticas.
C3	Capacidade para distinguir e aplicar axeitadamente os distintos métodos de investigación en lingüística.
C4	Capacidade dos estudantes para aplicar a metodoloxía da lingüística baseada na análise de corpus lingüísticos.
C5	Capacidade para a selección axeitada de datos lingüísticos en función do método de investigación elixido.
C6	Coñecemento das principais áreas da lingüística aplicada.
C7	Capacidade para aplicar os coñecementos lingüísticos adquiridos aos problemas do mundo profesional (docencia, asesoramento e mediación lingüística, tradución, lexicografía, planificación lingüística).
C10	Capacidade no manexo das diferentes tecnoloxías lingüísticas que conforman a actual sociedade do coñecemento: dicionarios electrónicos, correctores e tradutores automáticos, e sistemas de aprendizaxe de lingua asistida por ordenador.
D2	Dominio da expresión e a comprensión oral e escrita dun idioma estranxeiro.
D6	Valoración crítica do coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
D7	Asunción, como profesional e como cidadán/a, da importancia da aprendizaxe ao longo da vida.

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Adquirir coñecementos sobre a terminoloxía e as estruturas léxicas e morfosintácticas propias do discurso científico-técnico.	
Distinguir as principais ramas da lingüística aplicada	A1 A2 A3 A4 A5 C2 C3 C4 C5 C6 C7 C10 D2 D6 D8
Xestionar e comprender as situacións comunicativas específicas:	A1
-Aplicacións psicolingüísticas	A2
-Aplicacións Sociolingüísticas	A3
-Interacción comunicativa	A4
-Industrias da lingua e tecnoloxías lingüísticas	A5
-Didáctica e aprendizaxe de linguas nun contexto multicultural e multilingüe	C2 C3 C6 D7 D8

Contidos

Tema	
1. Conceptos básicos e procedementos na lingüística aplicada.	1.1. A definición de Lingüística aplicada. 1.2. O binomio investigación básica - investigación aplicada. A superación desta dicotomía. 1.3. Evolución da Lingüística aplicada no contexto das diferentes teorías lingüísticas. 1.4. A lingüística aplicada e a investigación-acción.
2. Lingüística aplicada. Principais ramas.	2.1. Lingüística aplicada ó ensino de linguas: L-1, L-2 e plurilingüismo. 2.2. Política e planificación lingüística. 2.3. Patoloxías da linguaxe e Lingüística clínica. 2.4. Análise do discurso e Mediación comunicativa.

3. Didáctica e aprendizaxe de linguas nun contexto multicultural e multilingüe.

3.1. Unha novo paradigma no ensino das linguas. Os enfoques plurais.

3.1.1. O enfoque intercultural.

3.1.2. A intercomprensión entre linguas da mesma familia.

3.1.3. A didáctica integrada das linguas.

3.1.4. A concienciación lingüística

3.2. A competencia plurilingüe e a competencia pluricultural.

3.2.1. O contexto europeo.

3.2.2. Definición e características.

3.2.3. A competencia plurilingüe.

3.2.4. A competencia pluricultural.

3.3. Propostas didácticas

4. Aplicacións sociolingüísticas: política e planificación lingüística.

4.1. Definición de política e planificación lingüística.

4.2. Planificación do corpus: codificación (escritura, gramática e léxico) e elaboración funcional.

4.3. Planificación do status: selección da variedade estándar e a súa implementación.

4.4. Perspectiva crítica da planificación lingüística.

4.4.1. As ideoloxías lingüísticas. Definición.

4.4.2. As ideoloxías lingüísticas en comunidades monolingües e plurilingües.

4.4.2. Diferentes teorías no campo das ideoloxías lingüísticas: lingua e conflito, ecoloxía lingüística, a perspectiva socio-ecolóxica e comunicativa.

4.4.3. A planificación lingüística no contexto hispano-falante: o español e as linguas indíxenas amerindias, o castelán e as outras linguas españolas peninsulares: galego, catalán e eúscaro. O español en contacto co portugués e o inglés.

5. Aplicacións psicolingüísticas: patoloxías da linguaxe e adquisición da linguaxe.

5.1. Desterrando prexuízos desde a lingüística da fala.

5.2. Prisma pragmático e linguaxe disfuncional. Comunicación e efectividade.

5.3. Enfoque lingüístico: descrición e estimación de déficit verbais.

5.4. Perfil histórico da súa vinculación e estado actual do tema. Logopedia e Lingüística clínica.

5.5. As patoloxías da linguaxe.

5.5.1. Concepción das deficiencias comunicativas e modelos para afrontar o seu estudo.

5.5.2. Clasificación das patoloxías del linguaxe. Déficit lingüísticos en idade infantil.

5.6. Papel da Lingüística no enfoque e nos modos de abordar os trastornos de comunicación e o déficit lingüístico.

5.7. Os tests lingüísticos de avaliación. A avaliación del fala infantil.

5.8 O ámbito da Lingüística clínica.

6. Metodoloxía para a xestión de situacións comunicativas específicas.

6.1. O método etnográfico e a observación participante. A investigación-acción.

6.2. Teorías discursivas relevantes para a análise das situacións comunicativas: Análise da conversación, Antropoloxía lingüística, Microsocioloxía, Sociolingüística interaccional.

6.3. Análise do discurso desde unha perspectiva crítica.

6.4. As relacións da análise discursiva coa retórica e a tradición argumentativa. Un exercicio de interdisciplinariedade.

7. Interacción comunicativa: auditorías comunicativas e mediación intercultural

7.1. Auditoría aplicada ao desenvolvemento da competencia comunicativa do representante institucional na comunicación interna e externa.

7.2. O estudo do conflito comunicativo na relación profesional.

7.3. Conflito comunicativo e desigualdade social.

7.4. Os discursos corporativos.

7.5. Mediación comunicativa nas relacións interculturais. O malentendido comunicativo.

7.6. Auditoría comunicativa na gobernanza política: o ámbito institucional (saúde, educación e atención cidadá).

7.7. Auditoría comunicativa, e dereitos humanos e sociais. Lingüística forense.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Resolución de problemas	10	20	30
Debate	10	10	20
Traballo tutelado	0	30	30
Lección maxistral	10	30	40
Traballo	0	30	30

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Resolución de problemas	Propostos polo profesor ou polos alumnos.
Debate	Sobre lecturas e vídeos propostos polo profesor.
Traballo tutelado	Acordados entre profesor e discente.
Lección maxistral	Non sempre a cargo do profesor.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.
Debate	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.
Traballo tutelado	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.
Probas	Descrición
Traballo	Tanto en horario de titorías como por e-mail e plataforma docente faitic.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
------------	---------------	---------------------------------------

Resolución de problemas	Propostos polo profesor ou os alumnos para complementar as explicacións.	20	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C10	D2 D6 D7 D8
Debate	Seguindo sobre vídeos e textos relacionados cos contidos da materia.	20	A1 A2 A3 A4	C2 C3 C4	D7
Traballo tutelado	Pactados co profesor que poderan ser incluídos no cartafol.	25	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C10	D2 D6 D7 D8
Lección maxistral	Presentación de temas relacionados cos contidos incluídos na materia.	10	A3 A4 A5	C3 C4 C5 C7 C10	D2 D6 D8
Traballo	Que poderán ser incluídos no cartafol e poderán ser expostos nas sesións de aula.	25	A1 A2 A3 A4 A5	C2 C3 C4 C5 C6 C7 C10	D2 D6 D7 D8

Outros comentarios sobre a Avaliación

Dependendo de las causas, si se necesitase ser evaluado en la segunda oportunidad (julio), el alumnado realizará los mismos trabajos o una prueba escrita u oral según las indicaciones del profesorado.

En caso del alumnado sordo podrá realizar las pruebas de evaluación en lengua de signos y con intérprete o por escrito.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Bibliografía Complementaria

Recomendacións